



**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O
DÍA DEZ DE XULLO DE 2014, CON CARÁCTER ORDINARIO**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde: D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a. MARGARITA DEvesa CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a. MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta minutos do día dez de xullo de dous mil catorce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e catro de xuño do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

2º.- Instancias de obras de particulares.

2.1.- Instancia núm. 201400000000237 de dona Purificación Castelao Pérez e don Paulo Paio Rubido Bará.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Cristovo de Merín, solicitan licenza para obras de construción dunha vivenda unifamiliar en Rosende (expediente núm.: 2014/U008/000002), en solo cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2), cunha ocupación máxima inferior ao 30% da parcela neta. Núm. Plantas B. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 m e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don Jorge Vales Fernández, cun orzamento de 93.525,80 euros.

O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Construírse de acordo co proxecto presentado. A zona de cesión para viais deberase deixar ao mesmo nivel que a vía debéndose acondicionar procedendo ao seu axardinado. A rampla de acceso deixarase ao mesmo nivel có vial e colocaranse tubos para permitir o paso da auga da gábea con sección mínima de 400 mm. En cumprimento



do artigo 29 da Lei 9/2002, deberá dotar á finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ao seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia. A distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3 m e debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais.

2º.- Así mesmo, e á vista do disposto na Lei 9/2002, do 30 de decembro, acéptase a cesión de viais nos termos do disposto na documentación presentada para os efectos .

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil oitocentos setenta euros con cincuenta e dous céntimos (#1870,52#)

2.2.- Instancia núm. 201400000000770 de don Juan Torre Sánchez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para obras de substitución do sistema estrutural de cuberta existente en edificación auxiliar en Outeiro, 12 – Santa Cruz de Ribadulla (expediente núm.: 2014/U008/000012), en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1), cunha ocupación máxima inferior ao 10% da parcela neta. Núm. plantas B. Altura máxima de cornixa 2,25 m, segundo o proxecto presentado, redactado polo arquitecto, D. José Luís Estévez Suárez, cun orzamento de 2,800,00 euros.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións:

1º.- Construírse de acordo co proxecto presentado

2º.- O prazo para inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e seis (#56,00#) euros.

2.3.- Instancia núm. 201400000000833 de don Roberto Vales Lobato e dona María Luz Fernández Casal.

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicitan licenza para obras de demolición de vivenda e edificacións auxiliares, situadas en Angustín, 1 (expediente núm.: 2014/U008/000013), en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo rural (N-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: Axustaranse ao proxecto presentado. O prazo para a execución será dun mes debendo comunicarlle ao Concello a data do derribo cun mínimo de 15 días de antelación para tomar as medidas oportunas. Deberase colocar un cercado na fronte da parcela dunha altura mínima de 2 m de materiais que ofrezan seguridade debendo deixar un paso para os peóns na calzada de polo menos 60 cm e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros

2.4.- Instancia núm. 201400000000454 de dona Carmen Rey Cerdeira.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en cambiar a tella, aprox. 250 m² en planta (Expediente. núm.: 2014/U009/000023), situada en Fornelos –Vedra, en solo cualificado como solo de núcleo rural (N-1), ordenanza de finca singular (N-3) segundo o vixente PXOM.

As actuacións solicitadas executaranse sobre da parcela con referencia catastral: 001401900NH43E0001HX .

Dáse conta así mesmo da autorización do Servizo de Coordinación da Área Cultural da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Coruña.

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. Axustarase ás condicións da autorización do servizo de patrimonio cultural e en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento oitenta e sete euros con corenta céntimos (#187,40#)

2.5.- Instancia núm. 201400000000842 de Joaquín Antonio Amboage Suárez.

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en substitución da tella existente por uralita e tella, nunha superficie aproximada de 54 m² (Expediente núm.: 2014/U009/000043), situada en Castro nº 49, en solo cualificado no PXOM como solo urbano residencial de baixa densidade (U-1).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectarán á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldrons.



En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a tella será cerámica; e de acordo co establecido no artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e sete euros con setenta céntimos (#57,70#).

2.6.- Instancia núm. 201400000000858 de dona Lourdes Pico Roca.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Ponte Ulla, solicita licenza para obras de rehabilitación de vivenda consistente en pintado exterior de todas as fachadas (Expediente núm.: 2014/U009/000045), situada en Retorta nº 1, en solo cualificado no PXOM como Solo Rústico de Especial Protección Paisaxística (R-7).

A Xunta de Goberno, á vista do contido do informe emitido polos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustarse as obras ás seguintes condicións:

1º.- O prazo de execución das obras será dun ano a contar dende a data de concesión.

2º.- Non se modificará o volume actual da edificación. As obras non afectaran á estrutura da mesma e non se producirá alteración da tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns.

En cumprimento da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia a cor utilizada nas fachadas será branco ou tons suaves acordes co entorno rural.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta (#50,00#) euros.

2.7.- Instancia núm. 201400000000706 de dona Silvia Turnes Otero. (Expediente núm. 2014/U007/000004)

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Vedra, expón que con data 31/01/2012 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción de vivenda unifamiliar en Pousada de Abaixo nº 14, (licenza núm. 2011/008/000025), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de noventa euros (#90,00#) euros, xa ingresadas nas arcas municipais.

2.8.- Instancia núm. 201400000000854 de don Florencio Moreno García. (Expediente núm. 2014/U007/000005)



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, expón que con data 06/03/2012 a Xunta de Goberno concedeulle licenza para a construción de vivenda unifamiliar en Roelle nº 13 (Vedra), (licenza núm. 2012/U008/000001), e rematadas as obras e achegando a documentación preceptiva solicita a concesión da licenza de primeira utilización.

A Xunta de Goberno, á vista do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, que ascenderon, segundo a liquidación practicada para o efecto, á cantidade de sesenta euros (#60,000#) euros, xa ingresada nas arcas municipais.

2.9.- Instancia núm. 201400000000640 de dona M^a. Isabel Gundín Lamas.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Ilobre, solicita licenza para proceder á parcelación dunha finca situada en Viño grande (Ref. Catastral 002100200NH43G), en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Francisco Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas nas arcas municipais, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

2.10.- Instancia núm. 201400000000777 de don Jesús Castiñeiras Martínez.

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Cristovo de Merín, solicita licenza para proceder á parcelación dunha finca situada en Cazorráns (Ref. Catastral 001001800NH43E), en solo cualificado no PXOM como solo de núcleo de expansión de núcleo rural (N-2) e solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2), en dúas parcelas resultantes, de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Francisco Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada nos termos do proxecto presentado e aprobar a liquidación das taxas municipais xa ingresadas nas arcas municipais, que ascenden á cantidade de cento vinte (#120,00#) euros.

3º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas particulares e condicións técnicas para a adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar na parte que non se poida cubrir co persoal municipal, mediante o acceso por libre concorrencia e para persoas en situación de dependencia.

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas para a adxudicación, mediante procedemento aberto, oferta máis vantaxosa con varios criterios de adxudicación, do contrato de servizos cuxo obxecto é a colaboración na prestación dos servizos de axuda no fogar na parte que non se poida cubrir co persoal municipal, mediante o acceso por libre concorrencia e para persoas en situación de dependencia.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



4º.- Facturas varias.

Dáse conta das seguintes facturas:

<i>Número Factura</i>	<i>Data Factura</i>	<i>Importe</i>	<i>Nome Proveedor/Acredor</i>	<i>Descrición</i>
2014333	05/06/2014	403,17	Electricidad Cruceiro, SL	Retirada e colocación de luminarias e cables en Reboredo-Ponte Ulla (adaptación presuposto 2012237)
2014224	05/06/2014	1.046,83	Electricidad Cruceiro, SL	Traballos diversos efectuados nos alumeados públicos durante o ano 2013
2014337	05/06/2014	633,85	Electricidad Cruceiro, SL	Traballos realizados no mes de abril (reposición de cable en Nande e colocación de farois en Feal e San Gregorio)
051/14	20/06/2014	2.397,76	Martínez Montes e Hijos S.L.	Asfaltado de pista en Roelle, segundo presuposto aprobado por R.A. 201/2014, de data 11 de xuño
052/14	20/06/2014	556,12	Martinez Montes e Hijos S.L.	Obras varias en Laraño-San Xián de Sales, segundo presuposto aprobado por R.A. 201/2014, de data 11 de xuño
053/14	20/06/2014	1.516,54	Martinez Montes e Hijos S.L.	Asfaltado en Cubelas-San Pedro, segundo presuposto aprobado por R.A. 201/2014, de data 11 de xuño
1400182	24/06/2014	85,00	Copistaria Copistrada, S.L.	Tickets para a comida da Festa da 3ª Idade 2014
291	14/06/2014	42,35	Vda. de Parada y J. Alvela, S.L.	Centro de flores diversas para a Festa da 3ª Idade 2014
14/000022	28/02/2014	30,98	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para arranxo de instalacións no campo da festa de San Fins subministrados en febreiro
14/000023	28/02/2014	65,40	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para arranxos no CPI de Vedra subministrados en febreiro
14/000024	28/02/2014	1.455,05	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para acondicionamento do local da escola de música de Santa Cruz subministrados en febreiro
14/000046	31/03/2014	155,67	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para as obras do campo de fútbol de Sta. Cruz e arranxos na casa de cultura de S. Xián subministrados en marzo
14/000047	31/03/2014	270,07	M.C. Mapoca, S.L.	Formigón para arranxos no campo da festa de San Mamede subministrados en marzo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



14/000048	31/03/2014	321,44	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para arranxos na gardería municipal subministrados en marzo
14/000049	31/03/2014	104,24	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para arranxos no CPI de Vedra e soportes dos colectores do lixo subministrados en marzo
2014/000050	31/03/2014	381,95	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para arranxos na vía pública en Fontao, Marzán e Gaiosa subministrados en marzo
14/000051	31/03/2014	628,03	M.C. Mapoca, S.L.	Materiais para arranxo do campo da festa de Trobe subministrados en marzo
P 403.766	23/06/2014	250,00	Editorial Compostela, SA	Concerto de publicidade de abril/2014 a marzo/2015 mes xuño
T 400.117	23/06/2014	242,00	Código Televisión, S.L. (Sociedad Unipersonal)	Publicidade do concello de Vedra na programación da televisión local Correo TV para a promoción turística mes xuño
34/14	26/05/2014	114,95	Electro Bermudez-Jose Bermudez Reboredo	Reparación do frigorífico, do conxelador e da lavadora da gardería municipal en maio
21	12/06/2014	87,80	Panaderia Raviña-Susana Raviña Carbia	Produtos para atencións protocolarias da exposición do CPI no museo de Vedra e da Festa da 3ª Idade 2014
Liquidación núm. XU 97473	26/06/2014	2.118,75	Conselleria Traballo	Segundo pagamento (75%) do prezo dos Campamentos de Verán 2014 (50 prazas)
563	30/06/2014	330,00	Viajes Peillet S.L.	Servizo de autocar para viaxe dos alumnos do CRA de Vedra a Silleda o día 10/06/2014
14/6	30/06/2014	4.127,04	Freiria Suarez Jose Maria	Servizos de limpeza do mes de xuño
VD 06/2014	30/06/2014	6.172,30	Ana Naya Garcia. S.L.	Servizo de gardería na escola infantil municipal mes xuño
619/14	27/06/2014	454,85	Grafica de Asturias S.L.	Encadernacións de libros de actas e subministro de selos municipais de cacho en xuño
277-13/14 F	26/06/2014	10.016,50	Viaqua Gestion Integral de Aguas de Galicia, S.A.U.	Subvención do 2T/2014 por prórroga do contrato de xestión dos servizos de abastecemento de auga e saneamento
FE1432114 6861344	06/05/2014	1.162,53	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á depuradora de Calzande mes abril (IP 053B00385_0132)
FE1432114 6861348	06/05/2014	40,63	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao bombeo de Paradela mes abril (IP 0ACE00386_0132)
FE1432114 6861341	06/05/2014	231,10	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á gardería municipal mes abril (IP 03B200384_0132)



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



FE1432114 6674082	02/05/2014	612,72	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao campo de fútbol de San Mamede meses marzo e abril (IP 02B100384_0132)
FE1432114 6757182	05/05/2014	82,00	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á piscina municipal meses marzo e abril (IP 03B100384_0132)
FE1432114 6861347	06/05/2014	1.006,71	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CPI de Vedra mes abril (IP 03B000384_0132)
FE1432114 6923710	07/05/2014	353,40	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao CEIP de Santa Cruz mes marzo (IP 03B000384_0132)
FE1432114 6861346	06/05/2014	377,50	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro á casa do Concello mes abril (IP 03AF00384_0132)
FRAS. MES 05/2014	06/05/2014	1.439,28	Gas Natural Servicios SDG S.A.	5 fras. por subministro a 5 alumeados públicos en Dozar, Fufín, Sol e Ponte Ulla mes abril (IP 0AE200386_0132)
34 5083	24/06/2014	1.374,54	Ulla-Oil S. L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado na nave de Trobe en xuño
114041148 3133	02/05/2014	92,26	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á oficina de turismo meses marzo e abril (Cog. Agrup. 23161)
114041148 7742	02/05/2014	111,10	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á nave de Trobe meses marzo e abril (Cod. Agrup. CP44)
114041148 0331	02/05/2014	175,27	Gas Natural Servicios SDG S.A.	Subministro ao centro de saúde de Vedra mes abril (Cod. Agrup. CP22)
011404115 38267/ /011405101 56069	02/05/2014	195,13	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao centro de saúde de Santa Cruz meses marzo e abril (Cod. Agrup. CP22)
114041147 2856	02/05/2014	197,64	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao punto limpo meses marzo e abril (Cod. Agrup. CP888)
114041151 6838	02/05/2014	14,98	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ao bombeo de Socastro mes abril (Cod. Agrup. CP888)
114041146 3552	02/05/2014	241,76	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á casa reitoral de Ponte Ulla meses marzo e abril (Cod. Agrup. CP1274)
114041151 3086	02/05/2014	516,84	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro á ludoteca meses marzo e abril (Cod. Agrup. CP1274)
9 FRAS. MAIO/2014	02/05/2014	1.231,89	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro a edificios culturais meses marzo e abril (Cod. Agrup. CP458)
FRAS. MAIO/2014	02/05/2014	714,23	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Subministro ás escolas unitarias meses marzo e abril (9 Fras. de maio - Cod. Agrup. CP424)
138 FRAS. MAIO/2014	02/05/2014	14.040,83	Gas Natural S.U.R. SDG, S.A.	Facturas de maio por subministro ás iluminacións



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				públicas (Cod. Agrup. CP2490)
38	01/07/2014	6.241,48	Grupo Acofide, S.C.	Servizo de xestión de instalación e actividades do polideportivo municipal mes xuño (prazo 9/48)
39	01/07/2014	3.193,19	Grupo Acofide, S.C.	Servizo de xestión, mantemento e socorrismo da piscina municipal tempada verán 2014 (prazo 1/3)
40	01/07/2014	1.262,03	Grupo Acofide, S.C.	Reixa para o sumidoiro da piscina municipal subministrada en xuño
01/014	15/04/2014	1.996,50	Asociación "senunpeso producións"	Organización e xestión da VII edición das xornadas de formación e mostra audiovisual LAV 014 (do 15 ao 16/02/2014)
A-175	16/06/2014	121,00	Servides-J.C. Barreiro Garcia	Servizo de desinsectación (tratamento contra abellas) realizado no CPI de Vedra en xuño
Recibo 150202/14	27/06/2014	210,69	Fegamp	Importe da cota de asociado correspondente ao exercicio 2014
33	27/06/2014	250,76	Librería Avenida-Rosa M ^a Perez Sande	Materiais para o programa de Educación Familiar de servizos sociais subministrados durante o 1º semestre de 2014
34	27/06/2014	173,31	Librería Avenida-Rosa M ^a Perez Sande	Materiais para casa 3ª Idade, curso inglés e departamento cultura subministrados no 1º semestre de 2014
7	30/06/2014	1.314,87	Suarez Barreiro Pilar	Atención e mantemento do albergue de peregrinos mes xuño
I14/410	31/05/2014	127,05	La Voz de Galicia, S.A.	Inserción de publicidade sobre a Festa da Orella 2014 na Voz de Galicia dixital os días 12, 13, 14, 15 e 16 de maio
14-A/6.315	01/07/2014	493,57	Sistemas de Seguridade A-1, SL	Importe anual do mantemento e conexión coa central receptora da alarma da casa do antigo xulgado
RECIBO	20/01/2014	62,40	Acredores diversos	Importe das entradas dos representantes do concello de Vedra asistentes á mostra FITUR/2014
407/1	03/07/2014	1.089,00	Alquimao S.L.	Servizo de rolo pisón para a obra de arranxo de pistas incluída no plan provincial DTC/2014
950/100301 342	01/07/2014	262,85	Rentokil Initial España, SA - Delegación Galicia	Unidades hixiénicas para a casa consistorial e para a gardería municipal período 01/07/2014 a



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				31/12/2014
8	30/06/2014	755,04	Xardíns Reboredo - Ana M ^a Cobas Fernández	Traballos de limpeza de beirarrúas na parroquia de Vedra realizados en xuño
292	27/06/2014	418,08	Iglesias Rodriguez Juan Carlos - Fontaneria	Reparacións nos campos de fútbol de Sta. Cruz e S. Mamede, na piscina municipal e no CEIP de Sta.Cruz realizadas en xuño
8157	03/06/2014	14,94	Mercamella, S.L.	Produtos para o servizo de madrugadores mercados en xuño
609	17/06/2014	7,03	Mercamella, S.L.	Produtos para o servizo de madrugadores adquiridos en xuño
7	07/07/2014	31,36	De la Torre Lobato Jose Manuel	Traballos de limpeza de masa común da casa da Irmandade en Torre-Santa Cruz realizados en xuño
201400077	30/06/2014	12,50	Ferreteria Botana - Botana Granja Manuel	Materiais para a exposición do colectivo de mozos 15885 organizada no museo Paz Camps en xuño
A/593	01/07/2014	370,94	Galiza Verde, S.L.	Servizo de xestión e transporte de residuos prestado no punto limpo en xuño
509	30/06/2014	78,65	Asvetrans, S. Coop. Galega	Servizo de transporte do produto para a obra de arranxo de pistas incluída no plan provincial DTC/2014
14-829	30/06/2014	502,32	Puente Ulla S.L.	Gasóleo B para os tractores municipais subministrado en xuño
14-837	30/06/2014	1.398,06	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e repostos varios para o camión de recollida do lixo 9047HPG subministrados en xuño
14-839	30/06/2014	20,00	Puente Ulla S.L.	Gasolina para a proba deportiva municipal Ruta BTT/2014
14-838	30/06/2014	68,46	Puente Ulla S.L.	Gasóleo A e gasolina 95 para a brigada verde subministrados en xuño
V00087	30/06/2014	72,69	Vda. de Parada y J. Alvela, S.L.	Froita para repartir na actividade de sendeirismo <i>Ruta do Colesterol 2014</i> organizada polo Concello
0357/E14	30/06/2014	292,08	Talleres San Fins S.L.	Repostos para a escavadora Fiat E6073BBD servidos en xuño
0358/E14	30/06/2014	571,98	Talleres San Fins S.L.	Repostos e reparacións do tractor Lamborghini E9223BBB no mes de xuño
0356/E14	30/06/2014	1.601,16	Talleres San Fins S.L.	Repostos e reparacións das rozadoras lateral, avanzada e de



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



				arrastre no mes de xuño
32102813	27/06/2014	709,40	Automóviles Louzao, S.A.U.	Revisión de mantemento do camión de recollida do lixo 9047HPG realizada en xuño
14A/00202	30/06/2014	3.525,73	Sociser Galicia, S.L.	Prestación do servizo asistencial a domicilio (axuda no fogar) mes xuño
14A/00203	30/06/2014	5.913,82	Sociser Galicia, S.L.	Horas SAF dependencia mes xuño
2014/1563	30/06/2014	8.108,60	Sogama S. A.	Tratamento de residuos mes xuño
140000238	30/06/2014	234,20	Drogueria-Ferreteria El Sol, SL	Materiais para reposición de sanitario nas instalacións do campo de fútbol de San Mamede
4001348273	30/06/2014	369,45	S. E. Correos y Telégrafos S.A.	Servizos de franqueo pagado e publicidade directa prestados no mes de xuño
LIQUIDACIÓN	09/07/2014	49,50	Brocos Vieiro David	Quilometraxe polo voluntariado prestado no posto de Vedra na Feira de Silleda durante os días 14, 15 e 16 de xuño
2014409	01/07/2014	2.052,97	Electricidad Cruceiro, SL	Servizo de mantemento do alumado público mes xuño
158	30/06/2014	9.647,94	Garcia - Garcia Centro Comercial (Jose Garcia Garcia)	Materiais (bordos formigón e tubos) para a obra construción beirarrúas en Pousada-Vedra, subvencionada pola Deputación
55	26/06/2014	76,41	Garcia Garcia, S.C.	Produtos para atencións protocolarias da actividade Teatrosfilia 2014
69	30/06/2014	26,54	Garcia Garcia, S.C.	Materiais de limpeza e aseo subministrados para o punto limpo no 2T/2014
66	30/06/2014	145,90	Garcia Garcia, S.C.	Vestuario e luvas subministrados para o persoal do servizo de axuda no fogar durante o 2T/2014
70	30/06/2014	97,60	Garcia Garcia, S.C.	Vestuario para persoal servizo recollida lixo e máscaras e outros para persoal brigada verde subministrados no 2T/2014
67	30/06/2014	159,10	Garcia Garcia, S.C.	Produtos para turismo, xuventude e gardería municipal subministrados no 2T/2014
68	30/06/2014	151,96	Garcia Garcia, S.C.	Materiais para reposición e mantemento na escola de San Fins e outros locais subministrados no 2T/2014
71	30/06/2014	387,85	Garcia Garcia, S.C.	Materiais para obras en vías públicas en Ximonde e outras subministrados no 2T/2014



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



	22,50	Pereiras Caldelas Mercedes	Quilometraxe por asistencia ás sesións do Pleno municipal durante os meses de febreiro a xuño
	179,25	Crespo Souto Vanessa	Indemnización e quilometraxe por asistencia a cursos e xestións realizadas nos meses de maio e xuño
	38,00	Carbia Cutrín Sonia	Quilometraxe dos meses de abril, maio de xuño
	52,00	Sevio Barrio Lucía	Quilometraxe do mes de xuño
	127,63	Rendo Rial Pastora	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xuño
	103,00	Graña Campelo Pilar	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xuño
	163,75	Orosa Carpinteiro Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xuño
	50,25	Iglesias Parada Carbia	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xuño
	97,50	Vilariño Rodríguez M ^a Cristina	Quilometraxe por prestación servizo axuda no fogar mes xuño

A Xunta de Goberno, coa abstención do Sr. Alcalde -Presidente na factura de Droguería Ferretería El Sol S.L, acorda aprobar as citadas facturas.

5º.-Dar conta de Resolúcións da Presidencia

Dáse conta das seguintes Resolúcións da Presidencia do mes de xuño:

Nº Decreto	Data	Asunto
179	02/06/2014	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Pedro Maceira Orosa
180	02/06/2014	Contratación persoal substitución persoal servizo recollida de lixo
181	02/06/2014	Contratación persoal substitución brigada verde
182	02/06/2014	Solicitando á Deputación sinatura de convenio para a adquisición de finca en San miguel de Sarandón
183	02/06/2014	Ampliación intensidade SAF a Arsenio Castro Blanco
184	03/06/2014	Aprobación bases contratación persoal para a brigada verde
185	03/06/2014	Aprobación bases e compoñentes Tribunal contratación dun axudante de recollida de lixo
186	03/06/2014	Cambio de titularidade recibo correspondente á vivenda núm. 22 da Avda. M. M. Gómez Lorenzo
187	04/06/2014	Aprobación modificación prego prescricións técnicas



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		para a adquisición dunha furgoneta financiada pola Deputación
188	05/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Serafín Martínez González
189	05/06/2014	Cambio de domicilio de M ^a . Socorro Sanín Pereira
190	06/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Alexandre Torres Teixeira
191	06/06/2014	Solicitud subvención á Secretaría Xeral de Igualdade: Avaliación Plan de Igualdade e Programa Conxuga
192	09/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de María José Picón Ferro
193	10/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Thaynna, Thadyla e Thaygla Silva Chaves
194	10/06/2014	Autorización para realizar no concello as fogueiras de San Xoán
195	10/06/2014	Autorización festa do Corpus en Vedra
196	10/06/2014	Aspirantes admitidos/excluídos, designación membros do tribunal e datas da celebración probas contratación recollida de lixo
197	10/06/2014	Baixa SAF de dona Elvira Hermida Turnes
198	11/06/2014	Autorización corte de vías para a caravana de San Cristovo
199	11/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Raquel Rosende e fillos
200	11/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Noa Estévez Pérez
201	11/06/2014	Aprobación orzamentos de asfaltados e outros en Laraño, Cubelas e Vedra
202	12/06/2014	Aprobando lista admitidos/excluídos, designación membros da mesa e fixando día e hora das probas para a cobertura dun posto no punto limpo
203	12/06/2014	Ampliación intensidade de Eugenio Montero Couto
204	13/06/2014	Ordenando contratación operario para servizo de recollida de lixo para a substitución persoal do servizo
205	13/06/2014	Ampliación intensidade SAF
206	13/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Rubén Rico Barral
207	16/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de María Josefa Alvela Vigo
208	17/06/2014	Adhesión ao Plan de financiamento das cuadrillas de obras e servizos da Deputación da Coruña para o ano 2014
209	17/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Silvia Graciela Cetrangolo Salles Dulan
210	18/06/2014	Incoación expediente de limpeza de finca en Sobredo



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



		-Vilanova propiedade de don Ramón Lobato Novoa
211	18/06/2014	Ordenando a contratación de Vanesa Tato Mareque para atención punto limpo e servizos varios para a cobertura de baixa traballadora do servizo
212	18/06/2014	Solicitud Plan de Cooperación 2014
213	19/06/2014	Acordando non acollerse a ningunha das medidas para adherirnos ás novas condicións de financiamento de operacións formalizadas na 1ª fase do mecanismo de pago a provedores
214	19/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de Carlota Agrelo Mella
215	19/06/2014	Desafectación e permuta de terreos en San Xián de Sales para a construción dun aparcadoiro en San Xián de Sales
216	20/06/2014	Solicitud programa de risco de exclusión social
217	20/06/2014	Baixa gardería de Eneko Casais Cabo
218	23/06/2014	Cambio domicilio de familia Estévez García
219	23/06/2014	Incoación expediente de limpeza de finca en Castro - Ponte Ulla propiedade de Concepción Canedo Barreiro
220	24/06/2014	Baixa gardería de Nadia Sánchez Ruano
221	24/06/2014	Baixa gardería de Noelia de la Fuente Lago
222	24/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de José A. Manteiga Iglesias
223	25/06/2014	Alta padrón municipal de habitantes de José Carlos Corujo Quinteiro
224	26/06/2014	Cambio domicilio padrón municipal de habitantes de Victor Mougán Valdés
225	27/06/2014	Lista provisional admitidos/excluídos gardería municipal curso 2014-2015
226	27/06/2014	Transferencia crédito entre partidas da mesma área de gasto entre aplicacións con distinta vinculación xurídica (da 231-62203 a 233-22799)
227	30/06/2014	Ampliación horario gardería de Lucas Portela Izquierdo

A Xunta de Goberno dáse por informada.

6º.- Outros asuntos.

6.1.- Solicitud de atención domiciliaria.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.com



Dáse conta da instancia núm. 201400000000910 na que don Manuel Oliveira Andújar con domicilio en Gatente nº 4-San Andrés de Trobe, solicita atención domiciliaria para a realización das tarefas de atención persoal.

A Xunta de Goberno, á vista e de acordo co informe da traballadora social, acorda:

1º.- Concederlle o servizo solicitado a través do sistema de acceso por libre concorrencia, cunha intensidade de 22 horas /mes, de luns a venres.

2º.- Aprobar unha achega do usuario do 10% do custo da hora (1,42 euros/hora) de acordo co establecido na ordenanza reguladora do servizo.

6.2.- Escrito núm. 201400000000913 da Asociación Cultural e de Festexos Virxe do Carmen de Trobe.

Dáse conta do citado escrito no que don Alberto López Vilas, como membro da Asociación Cultural e de Festexos Virxe do Carmen de Trobe, expón que no ano 2012 a citada asociación non puido beneficiarse da subvención para a contratación da Banda de Música de Santa Cruz de Ribadulla, posto que o convenio entre o concello e a banda, que comezou ese ano, acordouse con posterioridade á contratación das actuacións para as festas, polo que solicita unha axuda de 800 euros para compensar a subvención perdida do ano 2012, a chegando xustificantes de gastos.

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de oitocentos (#800,00#) euros.

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e cincuenta minutos.